

BASES DO VIII PREMIO DE MICRORRELATOS “MULLERES PROGRESISTAS”

Poderán participar todas as Mulleres que o desexen, de calquera nacionalidade ou cultura e maiores de 16 anos. Cada participante poderá presentar un máximo de 3 microrrelatos que deberán ir escritos en galego normativo.

O tema será libre, pero con especial valoración daqueles que traten e reflexionen sobre os distintos aspectos da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes (corresponsabilidade, dereitos, empoderamento, etc.).

Enlazando o carácter reivindicativo coa vertente literaria, o microrrelato será por tanto **de natureza narrativa e non de mera proclama**. Por isto, serán fundamentais na valoración aspectos como **a calidade literaria e a orixinalidade das obras**.

Os microrrelatos deberán levar título e ter un máximo de 100 palabras (excluído o devandito título).

As obras serán orixinais e inéditas, non estando difundidas por ningún tipo de medio, nin en papel, nin electrónico. Se calquera dos microrrelatos presentados a este concurso incumprise tal requisito, recibira premio ou estivese pendente de resolución noutro certame, quedaría automaticamente descualificado. Tampouco serán admitidos aqueles microrrelatos que atenten contra os dereitos á intimidade, ao honor e á propia imaxe de terceiros/as ou que podan ter connotacións racistas, sexistas e/ou discriminatorias.

As autoras e as/os representantes legais (no caso de minoría de idade) responden ante a organización da autoría e orixinalidade do microrrelato, asumindo a súa total responsabilidade e deixando á Asociación Mulleres Progresistas a salvo fronte a reclamacións de terceiras persoas neste sentido.

Segundo o número e calidade dos microrrelatos recibidos designaranse até 10 finalistas, entre as que se elixirán os premios do certame:

1º Premio: 300 €, figura e diploma

2º Premio: 200 € e diploma

3º Premio: 100 € e diploma

Presentación pública das bases en setembro de 2019.

Os traballos presentaranse no formulario que consta na web da asociación (www.mulleresprogresistas.org), apuntando tamén o nome, apelidos, DNI, data de nacemento, enderezo postal, enderezo electrónico e teléfono de contacto. No caso das participantes menores de idade, no momento de aceptar as presentes bases, terán que estar asistidas pola persoa que ostente a súa tutela legal, quen deberá encher os apartados correspondentes do formulario de envío dando o seu consentimento.

O prazo de admisión para a recepción de traballos péchase ás 23:59 horas do 16 de outubro de 2019. Non se admitirán traballos fóra dese prazo, nin sequera por un retraso de minutos.

Mulleres Progresistas non manterá correspondencia acerca dos orixinais enviados.

O fallo do xurado publicarase o 8 de marzo de 2020, Día Internacional da Muller, podendo quedar desertos calquera ou todos os premios se as obras presentadas non reunisen unha calidade mínima. O xurado estará formado por mulleres do mundo do asociacionismo feminino, as Letras e a Cultura, sendo inapelable a súa decisión. Dentro do xurado estará unha representante de Mulleres Progresistas.

Os microrrelatos premiados e finalistas, así como aqueles que o xurado estime dignos de difusión, serán colgados na web da Asociación Mulleres Progresistas, polo que as autoras ceden gratuitamente os seus dereitos de reprodución sobre os mesmos á entidade organizadora, sen que isto implique privación dos dereitos de autoría para a súa publicación posterior.

De acordo co establecido no Regulamento 2016/679 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais disposicións complementarias, infórmase de que a responsable de tratar todos os datos persoais que se faciliten para a participación é a Asociación de Mulleres Progresistas. Para máis información ao respecto pódese consultar a nosa Política de Privacidade (<http://www.mulleresprogresistas.org/mulleresprogresistas/inicio/politicaprivacidade.php>). Coa participación neste certame, as autoras outorgan autorización para o tratamento dos seus datos para xestionar a participación no premio e o contacto coas participantes e comunicacións posteriores. As participantes dan por autorizada a publicación do seu nome na web da asociación, prensa e medios de comunicación co fin de divulgar e dar a coñecer ás gañadoras e finalistas do concurso. Os datos persoais non serán comunicados ou cedidos a terceiros, agás obriga legal, e serán conservados durante o prazo legalmente esixido. As participantes poden exercitar en calquera momento os seus dereitos de acceso aos seus datos, á rectificación ou supresión, á limitación do seu tratamento, ou a oporse ao tratamento así como á portabilidade dos seus datos, solicitándoo mediante un escrito, axuntando unha copia dun documento acreditativo da súa identidade ao enderezo: rúa POLICARPO SANZ, 12 - 14, 2º B, 36202 - VIGO (Pontevedra) ou mediante correo electrónico a info@mulleresprogresistas.org.

O xurado é o encargado de interpretar exclusivamente as bases deste concurso. A presentación ao mesmo supón a total aceptación das bases.